

## Berta Dávila: «Os amores máis fondos son ambiguos sempre»

[Ana Abelenda](#)

Non ten un Pulitzer, como Emma Olsen, pero a súa coraxe é de premio. «Os seres queridos», que gañou o Xerais 2021, é unha piscina na que nadan as nais fóra do canon

06 maio 2022

[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/fugas/2022/05/06/span-langglos-amores-mais-fondos-ambiguos-semprespan/0003\\_202205SF6P5991.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/fugas/2022/05/06/span-langglos-amores-mais-fondos-ambiguos-semprespan/0003_202205SF6P5991.htm)

As nais «son moitas veces arquetipos», achega [Berta Dávila](#) (Santiago, 1987), premio Xerais por *Os seres queridos* (segunda edición en Xerais; en castelán editao Destino). As nais son anxos... «ou bruxas», completa. «Móvense en función dos efectos que teñen nas vidas dos fillos e fillas que protagonizan as novelas», engade. Dávila fala sobre o canon maternal literario. «Os libros que non contribúen a ese canon non son tantos. E está ben que se escriban», afirma a autora de *O derradeiro libro de Emma Olsen*, para quen escribir «é como nadar nunha piscina». A súa escrita salpica ao lector, que non pode permanecer na hamaca.

—«Os seres queridos» é un trago breve que non sabes moi ben como te deixa. Cadaquén conclúe a novela como quere?

—Si. Habitualmente as lecturas dos outros son sempre soberanas, non? O importante, no fondo, é que a novela signifique algo para alguén. É un libro escrito desde a vontade de espir o estilo, un libro nu que cada lector recolle no lugar onde o quere recoller.

—Ispe o estilo e o vínculo da nai co fillo; o escuro vínculo da muller cos seres queridos.

—Cos seres queridos e cos non queridos. Este é un libro sobre a elección, sobre a escolla de non ser nai por segunda vez.

—A miña eu convencional ve difícil entender como unha «boa nai», comprendida como esa que non edulcora o vínculo co fillo, e á que lle custou ser nai, elixe non selo cando a vida a sorprende coas dúas raías no predictor.

—O que ela constrúe co fillo é iso, un amor construído. Non é un amor instantáneo nin imantado, non é un amor vocacional. Todos os amores que son fondos son ambiguos sempre, porque teñen

esa parte de luz e esa parte de sombra. Quen foi nai sabe o que significa selo. Para min isto é relevante: a elección dun afecto é tamén o afecto máis sincero.

**—Mais na elección dese afecto intervén todo un sistema perverso. A primeira achega deslumbrante de «Os seres queridos» é esa estrañeza da nai cando nace o fillo. Cando el nace, a que ela era ata o momento desaparece de súpeto, pasa a ser «a nai».**

—A novela a onde pretende apuntar é a ese cambio identitario, a ese pasar a ser outra cousa distinta dun momento a outro. Parece unha cousa natural; de feito, todos os días as persoas teñen fillos!, pero hai sempre un punto de estrañeza...

**—Dá pudor ou medo admitilo. Para vencer esa barreira, está a literatura?**

—A literatura ten un papel que xogar mostrando as partes raras da experiencia. Se eu quixese facer un discurso do que para min é a maternidade, non faría unha novela. O que quería aquí era contar unha pulsión, un punto de vista, un recanto.

**—O que fas como escritora é o contrario ao que fai a familia da protagonista cando insiste en tapar, cando pon a cortina para que non entre o sol... Ti destapas.**

—Si... Resúltame interesante ver as partes que recolle cada un, sempre é guai...

**—A nai e a avoa, o seu modelo, teñen algo que ver co fondo peso nela da maternidade, que a converte nunha muller partida, non?**

—Ser nai é unha experiencia que cambia non só a vida, senón á muller. A novela vai pola liña de como cambia ela. O libro ten dous polos, un é o nacemento do fillo. Outro, a morte da avoa. E ela está no medio. No momento en que ela se converte en nai, empeza a comprender por que esa avoa é como é. Hai un redescubrir o papel que xogou como filla e como neta agora que é nai.

**—A ela véxoa esnaquizada polo modelo supremo das nais e avoas de antes.**

—No fondo, ela é unha nena tamén, unha nena que necesita o consolo desas figuras maternais. Non se pode permitir perder ese consolo, tan valioso. E ao tempo é unha nai que sente insuficiente para ser para outros ese consolo tan grande, tan fondo.

**—Hai nela, nese aborto meditado, unha forma de rebeldía?**

—Hai unha forma de rebeldía fráxil. Tanto a experiencia da maternidade como a de escribir a novela son dúas cousas que son firmes e fráxiles ao tempo. Entenderse como alguén fráxil, deixarse conmover, non quere dicir que non sexas alguén forte. Non é unha victimización, senón abrazar a posibilidade de conmovertos, que é do que vai a literatura. Ela, cando escribe, está experimentando o seu dereito á beleza, un dereito que á súa avoa lle foi negado en certo modo.

**—Hai hoxe aínda paternalismo dabondo en todos os estamentos sociais?**

—A maneira en que as mulleres estamos no mundo segue a ser particular. Como se recibe a escrita das mulleres? É frecuente que o que escriben sexa enfocado desde a emotividade, que haxa menos análise literaria.

**—Paréceme interesante esa intelixencia emotiva, como as mulleres enfían a vida e a verdade no feito literario, máis que o artefacto literario en si. Esa capacidade de iluminar aspectos da vida e a historia que no canon estiveron escurecidos.**

—Desde logo. Precisamente, a vontade de facer iso nunha novela é un traballo literario. Unha novela construída sobre unha verdade emocional é un traballo, non é un botar por fóra. As mulleres que escribimos temos unha vontade moi deliberada por falar desde a literatura do mundo íntimo. Todas medramos nun canon literario eminentemente masculino, que ademais (e este é o problema) se nos fixo pasar por un canon «neutro». Dalgunha maneira, aprendimos que iso era a literatura: o que escribían un montón de señores. Nun momento dado, empezamos a cuestionar que ese canon fose o universal. E comezamos a incorporar o outro canon e a construír un propio, mundos distintos, ou o mesmo mundo dende outras miradas. Para min isto é interesante, pero aínda segue a percibirse como un libro de nicho todo aquel que non trata ese tema universal, presuntamente neutro, e no fondo masculino.

**—É como dicir que «un bo libro debe ter de todo». Ese libro é bo para un lector (quizá maioritario) determinado. Para min, moitas veces o libro que ten un pouco de todo ten un moito de nada, non ten o esencial.**

—Para min, o importante dun libro é que signifique algo para min escribilo e que signifique algo para alguén que o lea. Na individualidade das historias, hai algo que conecta con outras individualidades e cunha construción colectiva da idea do mundo.

**—«Un neno tarda nove meses en formarse dentro do útero e nacer, pero ninguén sabe canto tarda en formarse unha nai», revelas. Teñen moito que pelexar as nais de hoxe contra esa moda de poñerlle laciños e filtros en redes á maternidade, contra o temor a non encaixar neste molde?**

—É sobre todo por culpa. Está rodeado de culpa...

**—Refíreste á maternidade?**

—Si, a maternidade ten moito que ver co sentimento de culpa, con experimentar que calquera emoción que se separe dunha felicidade absolutamente rutilante produce unha culpa. Isto non o produce o vínculo de parella nin outros vínculos... Temos aceptado que outros amores poden non ser rutilantes, pero a experiencia da maternidade que non sexa absolutamente feliz parece que é por culpa da nai que a experimenta. Hai unha certa programación para que nos sintamos así.

**—Potenciar o modelo das nais felices todo o tempo é un interese, un interese para manter vivo o sistema?**

—Para que o sistema se reproduza...

**—E siga facendo, dalgún xeito, fillos infelices, non?**

—Sí, vai un pouco por aí.

**—Na novela tamén se sinala o léxico hixienizado das clínicas para a interrupción do embarazo. O «prezo» é unha «tarifa», por poñer un exemplo.**

—As palabras que usamos nunca son inocentes. Moitas veces, no uso de determinadas palabras están agochadas as culpas ou a necesidade de reproducir o relato.

**—E está agochada tamén a verdade... As palabras ás veces distraen da verdade.**

—Si, para evitar determinadas emocións. E isto sucede cada vez máis. Ás veces, usamos determinadas palabras un pouco para eliminar as arestas do que sentimos. Parece que esas palabras son vendaxes ou burbullas que nos protexen do que significan verdadeiramente.

**—Pode ser unha sorte de autoengano ou un consolo que ao final pasa factura...**

—Si, pasa factura sempre.

**—Sentinme aludida con iso que confesa a protagonista da novela sobre que non soporta os que falan dos libros como se fosen fillos e da escrita da novela como un parto. Fágoo moito!**

—Creo que o facemos todos (risas).

**—Que é para ti escribir, a que se parece o teu traballo coa escrita?**

—Eu sempre falo dos libros como lugares onde estou. Cando estou cunha novela, experimento moito a sensación de estar dentro dun libro como podo estar piscina nadando. Tiven moitas veces a necesidade de traballar na finalización das novelas fóra da casa, para non chegar á casa e que estivese por todas partes a novela! Porque, se non, levantas da mirada da mesa do ordenador e aí segue a novela, como o dinosaurus de Monterroso. Esta idea dos libros como fillos eu non a teño. Se non, cando sae un libro novo, parece que deixas de atender o fillo anterior... A idea da escritura como embarazo e os libros como partos é un pouco tramposa.

**—É un tópico, claro.**

—Si, pero ás veces os tópicos están ben, porque axudan a explicar e entender que son as cousas.

**—Por que dis que é tramposa, non hai un forte apego polos libros que escribes?**

—Creo que ten que ver coa idea de que os libros son unha cousa de unha, e os fillos, unha cousa do mundo. Os fillos non son teus.

**—Os libros tampouco, tamén son en parte de quen os lemos, non?**

—Si, pero no proceso de escritura hai unha relación de pertenza cos propios libros que creo que non se pode trasladar aos fillos, que teñen unha vida de seu. As escritoras temos esa idea de controlar ben o que a lectura pode ser, o lector pode entender, o que é tamén totalmente estéril... Os libros son dos lectores; e esta tamén é a graza.